



**CES**  
GALICIA  
Consejo Económico e Social de Galicia



XUNTA  
DE GALICIA

galicia

Ditame  
**1/17**

## DITAME FACULTATIVO

sobre o proxecto de  
Decreto polo que se modifica  
o Decreto 104/2016, do 28 de xullo,  
que regula o  
**Observatorio Galego  
de Dinamización Demográfica**



**APROBADO POLA COMISIÓN PERMANENTE O 20 DE ABRIL**



Todos os documentos do CES poden atoparse en

**[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)**

## ANTECEDENTES

---

En cumprimento do disposto no artigo 42.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e do artigo 7 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, o 30 de marzo de 2016 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) aos efectos da remisión das observacións oportunas o proxecto de Decreto polo que modifica o Decreto 104/2016, do 28 de xullo, polo que se regula o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.

O presente ditame, que contén as observacións formuladas ao proxecto de referencia, emítase con base no establecido no artigo 5.1.3 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia.

O texto foi remitido á presidencia e aos membros da Comisión Sectorial número 2, *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame.

A Comisión Sectorial, na súa sesión 1/17, de data 17 de abril, acordou aprobar a proposta de ditame e remitila á Presidencia do Consello para a súa tramitación. A Comisión Permanente do organismo aprobou a proposta na súa sesión do 20 de abril de 2017.

## CONSIDERACIÓNS XERAIS

---

- O CES valora positivamente o proxecto de Decreto na medida en que amplía a participación e procura un amplo consenso social en materia de dinamización demográfica.
- O CES valora o recoñecemento que se fai do seu labor ao sinalalo no eido da procura da pluralidade e do consenso.

## CONSIDERACIONES PARTICULARES

---

- **Exposición de motivos**

Debería facerse constar, no penúltimo parágrafo da exposición de motivos, que o proxecto normativo someteuse á consulta do Consello Económico e Social de Galicia.

- **Artigo 6 d) 8º**

En referencia á composición do observatorio na que se alude á presenza, entre outras, das organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas, hai que dicir que a simple presenza de algunha organización sectorial na dita Mesa Xeral non pode ser suficiente para conferir o dereito a participar en outros órganos da administración que non sexan, exclusivamente, aqueles nos que se adopten acordos que afecten ás condicións de traballo dos empregados públicos. As regras de acceso a estes órganos en representación do persoal afectado, a efectos de exercicio do dereito de negociación colectiva, en ningún caso poden atribuír un dereito adicional de participación institucional, que está regulado separadamente e reservado en exclusiva a aquelas organizacións sindicais máis representativas segundo a Lei Orgánica de Liberdade Sindical.

Asemade o criterio da simple presenza nunha Mesa de Negociación de ámbito sectorial adoece do mínimo rigor, pois podería darse o caso de que unha organización sindical que non tivese a consideración legal de máis representativa, contando cunha implantación globalmente moi superior a outro sindicato que a teña limitada ao ámbito do emprego público, se vexa privada do acceso a un determinado órgano institucional que a organización con menor representatividade si acada.

Por outro lado, tamén deberíase ter en consideración o Ditame 581/2012 do Consello Consultivo de Galicia, emitido sobre o proxecto de Decreto de crea-

ción do Consello Galego de Traballo Autónomo, no que se formula unha observación de legalidade –que entendemos resulta de plena aplicación ao caso que nos ocupa– por canto *“a participación institucional das organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación deben entenderse referidas, en todo caso, a aqueles órganos de control e seguimento de entidades ou organismos nos que se adopten acordos que afecten ás condicións de traballo dos empregados públicos, e non a outros órganos que exerzan funcións ou facultades que en nada afecten a estas condicións”* en harmonía coa lexislación básica do Estado (Lei 7/2007 do Estatuto básico do empregado público) e coa doutrina do Tribunal Constitucional.

Esta observación de legalidade foi aceptada polo goberno da Xunta de Galicia na aprobación do texto final do Decreto que se mencionou.

De acordo con esta consideración propónse a eliminación da última frase do artigo 6 d) 8º, de maneira que remate o parágrafo en *“máis representativas de Galicia”*.

#### • **Artigo 8.1**

Para una maior claridade da norma, propónse a seguinte mellora de redacción: *“A vicepresidencia do observatorio será ostentada pola persoa que propoña o pleno de entre aquelas que, formando...”*

#### • **Artigo 9**

O CES considera que se deberían de concretar os aspectos operativos e de índole legal que puidesen derivarse dunha fórmula tan pouco habitual como é unha Secretaría rotatoria.

Por outra parte, dado que non resulta posible dissociar a Secretaría das funcións que esta exerce, sería máis correcto aludir ao carácter rotatorio do dito órgano e non ao das súas funcións.

Deste modo o artigo 9.1 quedaría redactado do seguinte xeito:

*“A Secretaría do observatorio será desempeñada de forma rotatoria e cunha periodicidade semestral por unha persoa funcionaria pertencente ao Consello Económico e Social de Galicia e por outra persoa funcionaria pertencente á Consellería de Política Social”*

De aceptase a redacción proposta, deberíase suprimir o último parágrafo do apartado 2 deste artigo 9, relativo ao carácter rotatorio das funcións da Secretaría.

• **Artigo 10.2 a)**

Neste artigo regúlase que corresponde ás vogalías *“recibir cunha antelación mínima de corenta e oito horas a convocatoria que conteña a orde do día das reunións”*. Se ben esta redacción deriva do estipulado no artigo 17 1a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización y funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o CES considera que este prazo pode non ser suficiente para unha análise adecuada dos temas que se sometan á consideración do observatorio. Por este motivo, solicita que se modifique a redacción no seguinte senso:

*“Recibir, cunha antelación mínima de sete días, a convocatoria que conteña a orde do día das reunións, así como a información sobre os temas que figuren na orde do día, salvo nos supostos de urxencia apreciada pola Presidencia do Observatorio, nos que a antelación mínima será de corenta e oito horas”*.

Por outra parte, debéra preverse neste artigo, a través da inserción dunha nova letra g), o dereito dos vogais á percepción das indemnizacións que, en concepto de dietas e asistencias, puideran corresponderlles a título persoal. Esta alegación, de aceptarse, suporía tamén a correspondente modificación da última frase da disposición adicional primeira do Decreto 104/2016.

• **Artigo 13**

O CES entende que non queda suficientemente xustifico o cambio do sis-

tema de adopción de acordos, que modifica o actualmente vixente no que estes se adoptan por maioría dos membros presentes, por un sistema, máis infrecuente, de adopción por maioría de 3/5, que o proxecto aplica con carácter xeral sobre calquera tipo de acordos.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2017

Vº e P.

O SECRETARIO XERAL

A PRESIDENTA

Corina Porro Martínez

Juan José Gallego Fouz







[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)